

# **REGULAMENTO DA COMISIÓN DE USUARIOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

## **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

### **Art. 1. A Comisión de Usuarios da Universidade da Coruña**

A Comisión de Usuarios da Universidade da Coruña é o órgano consultivo e asesor encargado de impulsar os procedementos de seguimento dos servizos da UDC así como os prestados por empresas externas á universidade.

Así mesmo para seguer avanzando cara á cultura da calidade, a Comisión de Usuarios servirá de canle á participación activa das persoas usuarias da UDC, como condición imprescindible para o desenvolvemento adecuado das prestacións que se ofertan ao conxunto dos colectivos da comunidade universitaria.

Esta comisión rexirase polo exposto neste Regulamento, polos Estatutos da Universidade da Coruña, pola lexislación universitaria e pola Lei de Procedemento Administrativo.

## **COMPOSICIÓN E ESTRUTURA DA COMISIÓN DE USUARIOS**

### **Art. 2. A composición**

A Comisión de usuarios está constituída por:

- O reitor, ou persoa en quen delegar, que a preside.
- O/a vicerreitor/a de Estudantes e Relacións Internacionais.
- O/a vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Medioambiental, ou persoa en quen delegar.
- O/a vicerreitor/a de Ferrol e Relacións Universidade-Empresa, ou persoa en quen delegar.
- O/a vicerreitor/a de Calidade e Novas Tecnoloxías, ou persoa en quen delegar
- 1 representante da Xerencia .
- 2 membros do profesorado a proposta dos representantes deste sector no Consello de Goberno.
- 2 membros do PAS a proposta dos representantes deste sector no Consello de Goberno.
- 5 membros do estudantado a proposta dos representantes deste sector no Consello de Goberno.

### **Art. 3. A estrutura**

A Comisión de Usuarios poderá desenvolver as tarefas que lle son encomendadas contando con subcomisións específicas respecto dos temas a tratar.

#### **Art. 4. As competencias da Comisión de Usuarios**

Correspóndelle á Comisión de Usuarios da Universidade da Coruña o exercicio das seguintes funcións:

- Velar polo funcionamento adecuado dos servizos externalizados.
- Informar sobre as disfuncións que se detectaren no funcionamento dos distintos servizos.
- Informar sobre as necesidades dos usuarios.
- Estudar melloras no funcionamento e na dotación dos servizos.
- Propor planos de mellora nas prestacións.
- Propor a implementación de servizos non contemplados.
- Dar a coñecer os resultados das xestión realizadas.

#### **Art. 5. Da constitución e do funcionamento da Comisión de Usuarios**

1. Correspóndelle ao reitor nomear os seus membros unha vez que o Consello de Goberno da Universidade aprobe a composición da Comisión.
2. A Comisión de Usuarios reunirse, convocada polo seu presidente, cando menos dúas veces por ano, ou tras petición dun terzo dos seus membros.
3. Nas reunións da Comisión un dos seus membros actuará como secretario.
4. Existirá un libro de actas da Comisión en que constarán como mínimo: as datas das reunións; os asistentes; as decisións e os acordos da Comisión; as sinaturas do presidente e do/a secretario/a da Comisión.
5. A Comisión de Usuarios poderá convidar ás súas sesións, con voz máis sen voto as persoas que considere pola súa relevancia e polo coñecemento dos temas a tratar.

#### **Art. 6. Da recollida de información**

1. Co fin de executar os seus obxectivos, a Comisión dotarase dun sistema de recollida de información sobre o funcionamento dos servizos e o grao de satisfacción dos usuarios.
2. A Comisión habilitará así mesmo os medios necesarios para a recollida de queixas, reclamacións, parabéns e suxestións.

#### **Art. 7. O mandato e a renovación dos membros da Comisión**

1. A duración do mandato dos membros do sector do estudiantado será de dous (2) anos; a duración do mandato dos sectores restantes será de catro (4) anos.
2. A condición de membro da Comisión pérdese por: renuncia.; perda da condición en virtude da que foi nomeado; por acordo do órgano que o designou.

**REPRESENTANTES COMISIÓN DE USUARIOS.  
CONSELLO DE GOBERNO 30 DE XUÑO DE 2008**

**COMISIÓN USUARIOS**

**SECTOR ESTUDANTADO**

Diges Teijeira, Víctor  
Castro Pousa, Tamara  
Pereira Martínez, David  
Ramos Carballedo, Miguel  
Traba Pérez, María

**SECTOR PROFESORADO**

Peña López, Fernando  
Viana Moldes, Inés

**SECTOR PAS**

Cordal Fuste, Jorge  
Roel Vilas, Pilar